



MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

CENTRO: CEIP P. FROEBEL
DATA: 19/05/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.**
- 3. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

| 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado | |
|---|--|
| 1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes | <p>O profesorado deberá realizar un plan específico para as materias pendentes do curso anterior, de acordo co modelo do centro, incluíndo os seguintes puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Puntos fortes do/a alumno/a aos que apoiar na intervención - Ámbitos a reforzar - Decisións metodolóxicas a desenvolver - Materiais de apoio a empregar - Avaliación |
| 1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa | <p>De acordo coa Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro) pola que se actualiza a normativa de avaliación, os centros docentes adaptarán a súa concreción curricular para adecuala aos cambios normativos na avaliación, na promoción e na titulación.</p> <p>Artigo 5. Avaliación: <i>Na etapa da Educación Primaria, a avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.</i> <i>A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.</i> <i>Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.</i></p> <p>Artigo 6. Promoción: <i>Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.</i> <i>A decisión será <u>adoptada de xeito colexiado</u>, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.</i></p> <p><i>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase <u>unha medida de carácter excepcional</u> e só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondente.</i></p> <p><i>A <u>promoción no resto de cursos da etapa será automática.</u></i></p> |

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

Deste modo, o equipo docente poderá decidir a promoción ou non promoción dun alumno/a en 2º, 4º e 6º de primaria tendo en conta os seguintes criterios:

- a. a) O grao de madurez e circunstancias persoais do alumno/a.
Sendo indicadores de valoración os antecedentes académicos, causas xustificadas de ausencias ao centro durante o curso escolar, situación familiar concreta, recente traslado do menor ao centro, incorporación tardía, así como calquera outra causa que incidise no proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- b. Análise e valoración das medidas de atención a diversidade.
Sendo indicadores o análise e valoración das medidas de atención á diversidade levadas a cabo en función das necesidades detectadas.
- c. Relación e inclusión grupal do alumno/a.
Sendo indicadores de valoración a relación e a inclusión do alumno/a co seu grupo de referencia. O equipo docente determinará se a continuación do alumno/a co seu grupo de referencia beneficiará a súa evolución académica.
- d. Con dous o máis materias suspensas.
O equipo docente determinará se as materias non superadas lle permiten seguir con éxito, ou non, o curso seguinte e se ten expectativas favorables de recuperación.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria)

2.1. Criterios xerais

"Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostran un rendemento académico excelente." (Artigo 5. Cualificacións e mención honorífica. **Orde do 9 xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia)

Por este motivo, poderanse outorgar mencións honoríficas como cualificación cando:

1. Exista un rendemento académico excelente asociado a un elevado grado de compromiso coas tarefas diarias.
2. O alumno/a manteña unha traxectoria de cualificacións sobresalientes ao longo da etapa.

3. Aprobación e publicidade

3.1. Aprobación

Esta modificación foi aprobada no Claustro do día 19 de maio de 2022.

3.2. Publicidade

- A súa comunicación realizarase mediante publicación na páxina web do centro o día 19 de maio.
- Enviarase comunicación por abalar móbil a todas as familias do noso alumnado co enlace a dita publicación